

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE ABRIL DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal accidental, don Xosé Manuel Cao Rei, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 13 de abril de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para instalación dunha planta satélite de gas natural licuado, mediante tanque aéreo de 200 m³, para dar servizo ao Hospital Universitario Lucus Augusti, en San Cibrao.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a demolición e retranqueo de fachada na industria láctea, en SUNP-IN-B, sita na avda. Benigno Rivera, s/n; para demolición e construción doutro edificio na rúa Pradairo, número 16; para demoler a edificación sita na rúa Vella da Ponte, número 25; para a construción de edificio na rúa Castelao, números 13-15; para construír un edificio que se vai situar na rúa Revista Ronsel, Juana la Loca e Camiño Verde; para acondicionamento de local para bar polbería na planta baixa do edificio sito en solo urbano, na rúa Tino Grandío, número 16; para ampliación de planta 5ª para vivenda en edificio existente, con acceso a través do edificio lindeiro, numerado co número 43, e con licenzas números 1286/07 e 845/08. a localización da obra é rúa Mondoñedo,

número 45; para a substitución de dúas cubertas, unha na corte e outra no alpendre de apeiros, no núcleo rural tradicional de Remesar, número 9, parroquia de San Pedro de Mera; para modificar unha vivenda unifamiliar illada en execución, con licenza anterior número 340/2010. As modificacións consisten en cambiar a súa localización dentro da mesma parcela e en ampliar a superficie en todas as plantas no núcleo rural tradicional de Barbaín, parroquia de Santa María de Bóveda; para instalacións complementarias ás construcións contidas na licenza 266/09, de ampliación de corte, almacén e silos forraxeiros en Fonte de Mouro-San Pedro de Soñar; para construír un depósito de augas para uso agrícola en Abuín, Pedreda, polígono 432, parcela 63; para a reconstrución de cuberta en vivenda unifamiliar e anexos existentes (construción tradicional), sita no núcleo rural tradicional de Castro, parroquia de Santiago de Meilán; para cambio de fachada na planta baixa e entresollado do edificio con licenzas números 131/85, 587/87 e 26/97, sito en solo urbano, na avda. Coruña, números 396, 398 e 400 e para a legalización e acondicionamento de entresollado de uso privado vinculado á planta baixa (local 2) para oficina de farmacia, no edificio con licenza número 430/89, sito na ronda das Fontiñas, número 82.

3. XESTIÓN.- Acórdase a execución da sentenza 00172/2011, do 9 de marzo, ditada pola sección 3 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación número 7031/2010, na que se estima o recurso de apelación interposto polo Concello de Lugo contra sentenza do 14 de outubro de 2010, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Lugo no PO 241/09-2J, en relación co expediente “Proxecto de expropiación do aparcadoiro da rúa Armórica para espazo público, da parcela 12-13-14-15-17-18-19 do sector I-2 do Plan parcial do polígono de Fingoi”.

Acórdase a declaración de ruína técnica no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 29 da rúa Chantada.

Tamén se acorda a declaración de ruína urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 2 da rúa Montero Ríos.

Acórdase a declaración de ruína urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 25 da rúa Vella da Ponte.

Acórdase declarala situación de ruína no expediente contradictorio de ruína urbanística e técnica do anexo ao inmovible número 18 da praza de Ferrol, sito no resto da parcela (unidade edificatoria 130206).

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS

4. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto de obras ordinarias “LMTS (20 KV) provisional a CT Álvaro y Ct San Fiz”.

Acórdase a concesión de prórroga no “Proxecto de obras ordinarias e complementarias ás de edificio de 16 vivendas, garaxes e L.C. en rúa Armórica, 47-49-51”.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

5. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios de persoal adscrito a Protocolo e a aprobación da forma de compensación.

Aprobase o escrito de recusación contra o nomeamento de instrutor en expediente disciplinario.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

6. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos do contrato asinado coa mercantil adxudicataria da contratación de vinte e cinco prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna para o período que vai dende o 26 de febreiro de 2011 ata o 25 de febreiro de 2012

Tamén se acorda a revisión de prezos do contrato subscrito coa social adxudicataria do servizo de retirada de vehículos da vía pública e o seu traslado ao depósito para a actualización do contrato durante o período comprendido entre o 1 de decembro de 2010 e o 30 de novembro de 2011.

Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa entidade adxudicataria da contratación do servizo da rede corporativa de comunicacións de voz de datos deste concello polo prazo dun ano contado dende o 09/03/2011 ou prazo inferior ata a adxudicación da nova contratación.

Acórdase a prórroga polo prazo dun ano contado dende o 28/05/2011 ata o 27/05/2012 do contrato administrativo asinado coa entidade, adxudicataria da

contratación do servizo público municipal do Centro de día novo Antonio Gandoy.

Así mesmo, acordase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 21 de decembro de 2010 e o 20 de decembro de 2011 para a actualización do contrato administrativo correspondente ao servizo de mantemento das aplicacións do sistema integral de xestión municipal.

Do mesmo xeito acordase a revisión de prezos correspondente ao período comprendido entre o 3 de marzo de 2011 e o 2 de marzo de 2012 para actualización do contrato suscrito coa empresa encargada da prestación dos servizos de mantemento, mellora e conservación das zonas verdes públicas do Concello de Lugo.

Acórdase a corrección de erro no acordo número 20/201 da Xunta de Goberno Local do día 30 de marzo de 2011, relativo á convocatoria da licitación para a autorización da instalación de casetas e caldeiros de polbo durante as festas do san froilán 2011-2014, así como á aprobación das bases técnicas do prego de cláusulas administrativas e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a aprobación do proxecto, do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto 33. contratación das obras de iluminación pública en pintor corredoira e outras (1ª fase) e da apertura do procedemento de adxudicación.

7. INTERVENCIÓN.- Deuse de conta da modificación número 4 do Orzamento xeral de 2011, mediante transferencia de crédito por importe de 15.240,75 euros.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

8. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a estimación do recurso de reposición interposto por contra o Decreto da Alcaldía número 356/2010, do día 30 de decembro, do libro de resolucións en materia de Servizos Sociais, a través do que se resolve denegarlle a subvención para “Alugamento de vivendas destinadas a domicilio habitual. Exercicio 2010”, porque a vivenda si cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras deste tipo de subvencións relativos ás condicións mínimas de iluminación e ventilación coas que as vivendas deben contar segundo as condicións de vivenda exterior establecidas no Plan Xeral.

ACTAS E GOBERNO
JACA/cvr
Ref#: 11extractoxg19.doc
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-4-2011

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a delegación de competencia na Tenenta de alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía e emprego para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación da mellora de iluminación interior en diferentes edificios e instalacións municipais.
- Acórdase a concesión da licenza para a demolición da edificación “Antiguo Chalet Residencia Miño”, sito en San Pedro Fiz (Muxa).

Lugo, 27 de abril de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García